



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA

MANCOMÚN
INICIATIVAS SOBRE
SOFTWARE LIBRE EN GALICIA

Guía de software libre para universitarios



2026 AMTEGA · Esta obra distribúese cunha licenza
Creative Commons Atribución-Compartir igual 4.0
Internacional.



1. [Introdución](#)

2. [Estudos e organización](#)

3. [Traballos en equipo sen complicacións](#)

4. [Ferramentas de creación visual e multimedia](#)

5. [Privacidade, datos persoais e control dixital](#)

6. [Como comezar: primeiros pasos](#)

7. [O software libre como oportunidade de futuro](#)

Apéndice: táboas de referencia





AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA


MANCOMÚN
INICIATIVAS SOBRE
SOFTWARE LIBRE EN GALICIA

1. Introducción



1. Introducción

Que é o software libre?



O software libre é aquel que che permite usar un programa, copialo, modificalo e compartilo con total liberdade. Non pertence a unha única empresa, senón que se constrúe grazas á colaboración de comunidades de persoas en todo o mundo, que traballan para ofrecer ferramentas accesibles, transparentes e en constante evolución.

A diferenza do software privativo (como Microsoft Office ou Adobe Photoshop), que limita o acceso ao seu funcionamento interno e require licenzas de pago, o software libre pon o código á disposición de calquera persoa. Isto non só permite entender como funciona un programa por dentro, senón tamén adaptalo ás túas necesidades, melloralo ou contribuír ao seu desenvolvemento.

Ademais, o software libre fomenta valores clave no ámbito universitario e profesional, como a aprendizaxe colaborativa, a autonomía tecnolóxica e o intercambio de coñecemento.

Algúns exemplos coñecidos que probablemente xa utilizaches son o navegador [Firefox](#), o sistema operativo [Linux](#) ou ferramentas ofimáticas como [LibreOffice](#).

O “libre” en software libre non se refire ao prezo, senón á liberdade de uso. Aínda que na maioría dos casos tamén é gratuíto.

1. Introducción

Por que o software libre é interesante para o estudiantado?

Aforro económico



Permite utilizar ferramentas completas sen pagar licenzas, reducindo gastos durante a etapa universitaria.




Compatibilidade

Usa formatos abertos que garanten que os documentos sexan accesibles e reutilizables en calquera ferramenta.

Autonomía e independencia tecnolóxica



Evita depender de empresas e permite usar e manter o software con total liberdade en calquera dispositivo.



Aprendizaxe con ferramentas reais

Facilita adquirir competencias prácticas empregadas en contornos profesionais e académicos.

O software libre no teu día a día...

É probable que xa esteas usando software libre sen sabelo. O sistema operativo Android dos teléfonos móbiles está baseado en Linux, un sistema libre. O navegador [Firefox](#) é software libre. [Wikipedia](#), a enciclopedia que consultaches centos de veces para os teus traballos, funciona sobre software libre. Os servidores que fan funcionar a maior parte de internet tamén usan sistemas libres.

Ademais, plataformas como [Moodle](#) (o sistema de xestión de contidos que usan moitas universidades para subir apuntamentos e entregar traballos) son software libre. É dicir, non es novo ou nova neste mundo: simplemente quizais non o sabías.


... máis presente do que imaxinabas!



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA

MANCOMÚN
INICIATIVAS SOBRE
SOFTWARE LIBRE EN GALICIA

2. Estudos e organización



2. Estudos e organización

Ferramentas de ofimática para traballos e apuntamentos

Cando tes que entregar un traballo escrito, preparar unha presentación ou organizar datos nunha folla de cálculo, non é necesario recorrer a solucións de pago como Microsoft Office. Existen alternativas de software libre que permiten facer exactamente o mesmo, sen custo e sen limitacións de uso.

Estas ferramentas son compatibles cos formatos máis habituais (.docx, .xlsx e .pptx), polo que podes traballar con normalidade e compartir os teus arquivos con profesorado e compañeiros sen problemas. Ademais, ao ser software libre, ofrecen vantaxes adicionais como maior flexibilidade, independencia tecnolóxica e a posibilidade de adaptarse ás túas necesidades.

Para o día a día universitario, isto significa poder redactar traballos, crear presentacións ou xestionar datos de forma profesional, utilizando ferramentas fiables e amplamente utilizadas en todo o mundo.



LibreOffice

Suite de ofimática libre máis completa e estendida. Inclúe:

- **Writer:** para redactar textos, traballos e informes. Funciona de forma moi similar a Microsoft Word.
- **Impress:** para crear presentacións de diapositivas, como PowerPoint.
- **Calc:** para follas de cálculo con fórmulas, gráficas e táboas, equivalente a Excel.

Podes descargarlo de balde en [libreoffice](https://www.libreoffice.org) e instalalo en Windows, Mac ou Linux.

OnlyOffice

Outra opción moi valorada, especialmente se estás acostumado á interface de Microsoft Office, xa que é moi parecida visualmente. Tamén é gratuito e compatible cos formatos de Office.

Consello práctico: se a túa universidade che pide entregar os traballos en .docx, podes escribilos en LibreOffice Writer e gardalos directamente nese formato sen ningún problema.

2. Estudos e organización

Organización persoal e planificación do estudo

Xestionar exames, entregas, clases e vida persoal ao mesmo tempo pode resultar complexo sen unha boa organización. Contar con ferramentas dixitais adecuadas axúdache a planificar mellor o teu tempo, evitar esquecementos e manter unha visión clara das túas tarefas e compromisos.

O software libre ofrece solucións completas para organizar o teu día a día sen depender de aplicacións privativas que limitan funcionalidades ou recollen datos persoais. Estas ferramentas destacan por ser flexibles, seguras e adaptables, permitindo centralizar nun mesmo espazo o correo, calendario, tarefas e documentos.

Integrar este tipo de aplicacións na túa rutina universitaria facilitarache a planificación do estudo, a xestión de entregas e a coordinación con outras persoas, mellorando así a túa produtividade e reducindo o estrés.

Thunderbird



Descarga a ligazón para [Google Play](#) ou [F-Droid](#)

Cliente de correo electrónico libre (alternativa a Outlook) que pode ampliarse con calendario e xestor de tarefas. Resulta moi útil para centralizar o correo da universidade e organizar a túa axenda nun único entorno de traballo.

Nextcloud



Descarga a ligazón para [Google Play](#) ou [F-Droid](#)

Plataforma libre de almacenamento e colaboración na nube que permite gardar arquivos, xestionar calendarios e listas de tarefas. Funciona como unha alternativa a servizos como Google Drive ou Google Calendar, pero ofrecendo maior control sobre os teus datos.

Tasks.org



Descarga a ligazón para [Google Play](#) ou [F-Droid](#)

Aplicación libre centrada na xestión de tarefas e planificación persoal. Permite crear listas, establecer prazos, organizar prioridades e facer seguimento do teu progreso, sendo especialmente útil para organizar estudos, entregas e proxectos.

2. Estudos e organización

Notas dixitais e xestión da información

Tomar apuntamentos en papel pode ser útil en determinados momentos, pero contar cun sistema dixital ben organizado permite acceder á información desde calquera dispositivo, mantela actualizada e evitar perdas ou desorde ao longo do curso.

As ferramentas de software libre para notas e xestión da información axúdanche a estruturar mellor os teus contidos, integrar diferentes formatos (texto, imaxes, ligazóns, documentos) e organizar todo o teu material académico nun mesmo entorno. Isto resulta especialmente útil cando tes varias materias, proxectos ou traballos simultáneos.

Ademais, permiten buscar rapidamente entre os teus apuntamentos, reutilizar información e sincronizar cambios en tempo real, facilitando o estudo, a preparación de exames e o traballo colaborativo.

Aplicación libre para tomar notas e organizar a información en cadernos estruturados. Permite escribir apuntamentos, engadir imaxes, ligazóns e listas, así como sincronizar contidos entre diferentes dispositivos. É unha alternativa aberta a ferramentas como Notion ou Evernote, cun enfoque centrado na privacidade e no control dos teus datos.

Joplin



Descarga a ligazón para [Google Play](#) ou [F-Droid](#)

Ferramenta de notas orientada ao pensamento estruturado e á creación de conexións entre ideas. Funciona mediante un sistema de ligazóns e etiquetas que facilita relacionar conceptos, tomar apuntamentos de clase e construír coñecemento de forma progresiva. Resulta especialmente útil para materias teóricas ou de estudo intensivo.

Logsec



Descarga a ligazón para [Google Play](#)

Ferramenta esencial para traballos académicos con bibliografía. Permite gardar e organizar referencias de libros, artigos ou páxinas web, e xerar automaticamente citas e bibliografías nos formatos máis habituais (APA, MLA, Chicago, entre outros). Simplifica enormemente a elaboración de traballos de investigación e TFG/TFM.


Zotero



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA

MANCOMÚN
INICIATIVAS SOBRE
SOFTWARE LIBRE EN GALICIA

3. Traballos en equipo sen complicacións



3. Traballos en equipo sen complicacións

Edición colaborativa de documentos

Os traballos en grupo son unha parte habitual da vida universitaria, pero coordinar quen fai cada tarefa, evitar conflitos entre versións e asegurarse de que todo o equipo traballa sobre o mesmo documento pode resultar complicado sen as ferramentas axeitadas.

A edición colaborativa de documentos permite que varias persoas traballen de forma simultánea sobre un mesmo arquivo, en tempo real, desde calquera dispositivo. Isto non só aforra tempo, senón que mellora a coordinación, reduce erros e facilita a revisión continua do contido.

As solucións de software libre ofrecen alternativas eficaces e accesibles para este tipo de traballo, permitindo compartir documentos mediante ligazóns, controlar cambios e colaborar dun xeito sinxelo, sen depender de plataformas privativas.



CrytPad

Permite crear e editar documentos de texto, presentacións, follas de cálculo e outros formatos de maneira colaborativa e en tempo real, directamente desde o navegador. Non require rexistro previo e destaca polo seu enfoque na privacidade, xa que o contido está cifrado e nin os servidores poden acceder á información. É ideal para traballos puntuais en grupo.

Etherpad

Editor colaborativo de texto sinxelo pensado para escribir de forma conxunta e rápida. Accédese mediante unha ligazón compartida e cada persoa pode editar o documento ao mesmo tempo, identificándose con cores diferentes. Resulta moi práctico para tomar apuntamentos colectivos, facer borradores ou organizar ideas en grupo.

Nextcloud con Collabora ou OnliOffice

Se a túa universidade dispón de Nextcloud, podes acceder a un entorno completo de colaboración con edición en liña de documentos similar a Google Docs. Permite traballar en equipo dentro da infraestrutura da propia institución, mantendo maior control sobre os datos e garantindo compatibilidade con formatos habituais.

3. Traballos en equipo sen complicacións

Comunicación e coordinación de equipos

Non toda a comunicación en traballos en grupo ten que pasar por aplicacións como WhatsApp ou Discord. Existen alternativas de software libre que ofrecen funcionalidades similares, incluso máis completas, pero cun maior control sobre a túa privacidade e os teus datos.

Estas ferramentas permiten manter conversas organizadas, crear canles temáticas, realizar videoconferencias e coordinar o traballo en equipo dun xeito máis estruturado. Ademais, moitas delas funcionan sen necesidade de rexistro ou dentro de contornas proporcionadas pola propia universidade, o que facilita a súa adopción en proxectos académicos.

Utilizalas no día a día universitario mellora a coordinación do equipo, evita a dispersión da información e permite separar claramente os espazos persoais dos académicos.



Element

Plataforma de comunicación libre baseada en Matrix que permite crear grupos, canles temáticas e conversar en tempo real. Ofrece funcionalidades similares a Discord ou Slack, pero cun enfoque descentralizado que permite comunicarse con persoas doutros servidores compatibles. É unha boa opción para organizar equipos e manter conversas estruturadas.

Jitsi Meet

Ferramenta libre para realizar videoconferencias sen necesidade de instalar aplicacións nin crear contas. Abonda con acceder a unha ligazón desde o navegador para iniciar unha reunión. Permite compartir pantalla e colaborar facilmente, sendo moi útil para sesións de estudo en grupo, presentacións ou reunións de coordinación.

Nextcloud Talk

Se a túa universidade emprega [Nextcloud](#), esta ferramenta integrada permite comunicarse mediante chat e videoconferencia dentro dun mesmo entorno. Facilita a coordinación de equipos sen saír da plataforma institucional, mantendo maior control sobre os datos e integrándose co resto de ferramentas dispoñibles.


3. Traballos en equipo sen complicacións

Compartir arquivos e proxectos de forma segura

Enviar arquivos por correo electrónico ou subir documentos a plataformas como Google Drive pode ser suficiente en moitos casos, pero non sempre ofrece o nivel de control, privacidade e organización que necesitas para traballos académicos en equipo.

Existen alternativas de software libre que permiten compartir arquivos e proxectos dunha forma máis segura, flexible e adaptada ao traballo colaborativo. Estas ferramentas facilitan definir permisos de acceso, sincronizar contidos entre dispositivos ou compartir información sen depender de servizos externos.

Utilízalas axúdache a manter o control sobre quen pode ver, editar ou descargar os teus arquivos, algo especialmente relevante cando traballas con documentación académica, datos persoais ou información sensible.



Nextcloud

Plataforma libre de almacenamento na nube que permite gardar, organizar e compartir arquivos de forma colaborativa. Podes crear carpetas para traballos en grupo e definir permisos específicos (lectura ou edición), mantendo o control sobre o acceso á información. É unha alternativa a Google Drive moi utilizada en contornas académicas e institucionais.

Syncthing

Ferramenta de sincronización directa entre dispositivos que permite manter carpetas actualizadas sen utilizar servidores externos. Os arquivos transfírense de dispositivo a dispositivo de forma segura, garantindo que só ti e as persoas coas que compartes teñen acceso aos contidos. Resulta ideal para xestionar materiais de estudo entre diferentes equipos.

OnionShare

Aplicación centrada na compartición segura e anónima de arquivos a través de ligazóns temporais. Permite enviar documentos directamente desde o teu ordenador sen subilos previamente a ningunha plataforma, de modo que só as persoas co enlace poden acceder. É especialmente útil para compartir información sensible ou puntual.



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA

MANCOMÚN
INICIATIVAS SOBRE
SOFTWARE LIBRE EN GALICIA

4. Ferramentas de creación visual e multimedia



4. Ferramentas de creación visual e multimedia

Deseño e edición de imaxe

Non tes que ser deseñador ou deseñadora para crear materiais visuais de calidade. Coas ferramentas axeitadas podes elaborar carteis para actividades, retocar imaxes, preparar presentacións ou crear infografías dun xeito sinxelo e profesional.

O software libre ofrece alternativas moi completas que che permiten traballar con liberdade, sen depender de modelos pechados e cun maior control sobre o proceso de creación, permitindo que poidas mellorar a presentación dos teus traballo.

Inkscape

Programa de deseño vectorial similar a Adobe Illustrator, ideal para crear logotipos, carteis e ilustracións que se poden escalar sen perder calidade. Ofrece moitas funcionalidades, pero tamén permite realizar tarefas básicas con facilidade, mesmo sen experiencia previa en deseño.

Penpot

Ferramenta libre de deseño colaborativo que funciona directamente no navegador, sen necesidade de instalación. É unha alternativa a Figma, moi utilizada para crear mockups, presentacións visuais e prototipos, permitindo ademais traballar en equipo en tempo real.

GIMP

Editor de imaxes avanzado, equivalente a Photoshop, que permite retocar fotos, recortar, axustar cores, eliminar fondos ou engadir elementos gráficos. Aínda que ao principio pode parecer complexo, resulta moi útil para tarefas habituais unha vez que se coñecan as funcións básicas.

Darktable

Aplicación especializada en edición e xestión fotográfica, especialmente útil para quen traballa con grandes coleccións de imaxes. Permite organizar arquivos e realizar axustes de cor avanzados, sendo unha alternativa libre a Lightroom en ámbitos máis esixentes.

LibreOffice Impress

Ferramenta para crear presentacións de diapositivas con máis control sobre o deseño e os contidos. Permite importar e exportar en formatos como .pptx e ofrece opcións suficientes para elaborar presentacións claras e coidadas sen depender de software privativo.

4. Ferramentas de creación visual e multimedia

Vídeo, audio e contidos dixitais

Se tes que entregar un vídeo para clase, gravar unha exposición oral ou crear un podcast para un proxecto, non é necesario recorrer a solucións de pago nin a versións non oficiais de programas de edición.

O software libre ofrece ferramentas completas para gravar, editar e producir contidos dixitais con calidade profesional. Combinándoas, podes cubrir todo o proceso: desde a captura de pantalla ou vídeo ata a edición e publicación, empregando solucións accesibles.

Kdenlive

Editor de vídeo libre moi completo que permite traballar con múltiples pistas, engadir efectos, transicións e subtítulos. É comparable a alternativas profesionais en funcionalidades básicas e intermedias, sendo unha boa opción para montar vídeos académicos con acabado coidado.

Shotcut

Editor de vídeo libre máis sinxelo que Kdenlive, pensado para quen se inicia na edición. Permite facer montaxes rápidas, engadir cortes, textos e efectos básicos sen unha curva de aprendizaxe elevada, sendo ideal para traballos que non requiren edición complexa.

OBS Studio

Ferramenta moi utilizada para gravación de pantalla e vídeo en alta calidade. Permite capturar presentacións, clases ou sesións de estudo con audio, así como gravar con webcam. Resulta especialmente útil para exposicións orais ou contidos explicativos.

Audacity

Editor de audio libre que permite gravar voz, eliminar ruído de fondo, cortar fragmentos e axustar niveis de son. É unha ferramenta moi práctica para crear podcasts, gravacións de traballos ou calquera contido baseado en audio.

Scribus

Programa de maquetación de documentos, alternativa libre a InDesign, pensado para crear revistas, folletos ou dossiers. Permite deseñar documentos con estrutura profesional e exportalos en PDF, sendo útil para presentar traballos con maior coidado visual.



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA

MANCOMÚN
INICIATIVAS SOBRE
SOFTWARE LIBRE EN GALICIA

5. Privacidade, datos persoais e control dixital



5. Privacidade, datos persoais e control dixital

Que ocorre cos teus datos ao utilizar aplicacións privativas?

Cando te rexistras nunha aplicación ou servizo de software privativo, adoitas aceptar termos e condicións que poucas persoas len con detalle. Nestes documentos especificase como a empresa recolle, utiliza e, en moitos casos, comparte os teus datos persoais.

Esta información pode incluír desde datos básicos como o teu nome ou correo electrónico ata hábitos de uso, localización ou o contido que xeras. Aínda que moitos servizos parecen gratuítos, o seu modelo de negocio baséase precisamente no uso e análise destes datos.

Entender que ocorre coa túa información axúdache a tomar decisións máis conscientes sobre que ferramentas utilizar e a valorar alternativas que ofrecen maior transparencia e control.



Recollida de datos persoais

Aplicacións como Google, Meta (Instagram, Facebook, WhatsApp) ou Microsoft recollen datos sobre ti de forma continua: que páxinas visitas, que buscas, que mensaxes escribes, a túa localización ou como utilizas os dispositivos. Esta información recóllese automaticamente mentres usas os seus servizos.



Uso da información

Os datos recollidos empréganse principalmente con fins comerciais. Moitas empresas basean o seu modelo de negocio na publicidade personalizada, utilizando a túa información para mostrar anuncios adaptados aos teus intereses e comportamento, creando perfís detallados sobre ti.



Falta de control

Unha vez que os teus datos están nos servidores destas plataformas, perdes en gran medida o control sobre eles. Non sempre sabes exactamente que se recolle, como se utiliza ou durante canto tempo se conserva, e aínda que os borres, non hai garantía de que desaparezan completamente.

5. Privacidade, datos persoais e control dixital

Como o software libre contribúe a protexer a privacidade?

O software libre non elimina por completo todos os riscos relacionados coa privacidade, pero si ofrece garantías importantes que o diferencian do software privativo. Ao tratarse de ferramentas abertas e auditables, permiten entender mellor como funcionan e como se xestionan os datos.

Isto tradúcese en maior transparencia, menor dependencia de grandes plataformas e máis capacidade para decidir que información compartes e onde se almacena. No ámbito académico, isto resulta especialmente relevante para traballar con datos persoais, materiais de estudo ou proxectos en grupo dun xeito máis responsable.

O software libre non só é unha alternativa funcional, senón tamén unha forma de recuperar control e autonomía no uso das tecnoloxías dixitais.



Transparencia no funcionamento

O código do software libre é público e pode ser revisado por calquera persoa. Isto permite verificar que o programa fai exactamente o que promete e que non inclúe funcións ocultas destinadas a recoller datos sen coñecemento do usuario. Esta transparencia ofrece un nivel de confianza difícil de acadar co software privativo.



Menor dependencia de servizos externos

Moitas ferramentas libres permiten funcionar en local ou en servidores propios, sen depender de plataformas externas. Isto significa que podes gardar a información nos teus dispositivos ou na infraestrutura que elixas, reducindo a exposición dos teus datos e evitando que terceiros accedan a eles.



Maior control sobre a información persoal

Co software libre, es ti quen decide onde se almacenan os datos e quen pode acceder a eles. Podes utilizar servizos propios ou institucionais, definir permisos e evitar que empresas terceiras exploten a túa información. Isto permite xestionar os teus datos de forma máis consciente e segura.

5. Privacidade, datos persoais e control dixital

Uso responsable e crítico da tecnoloxía

Utilizar software libre é un paso importante para mellorar a túa privacidade e autonomía dixital, pero non é suficiente por si só. A forma en que utilizas as tecnoloxías, as eleccións que fas e os hábitos que desenvolves tamén teñen un impacto directo na túa seguridade e no control dos teus datos.

Adoptar un uso responsable da tecnoloxía implica comprender como funcionan as ferramentas que empregas, cuestionar as opcións por defecto e tomar decisións informadas no teu día a día. Este enfoque permíteche aproveitar as vantaxes do entorno dixital sen renunciar á túa privacidade nin depender completamente de terceiros.



Toma de decisións informadas

Antes de instalar ou utilizar unha aplicación, é importante preguntarse que datos recolle, para que os emprega e se existen alternativas. Non se trata de evitar toda a tecnoloxía privativa, senón de coñecer as condicións de uso e escoller ferramentas que respecten mellor a túa privacidade.



Valorar a privacidade e seguridade

A comodidade é importante, pero tamén o é protexer a información persoal. Pequenos cambios, como escoller ferramentas que non requiren rexistro ou que ofrecen maior control sobre os datos, permiten mellorar a privacidade sen perder funcionalidade no día a día.



Desenvolvemento dun pensamento dixital crítico


A tecnoloxía non é neutra: detrás de cada aplicación hai decisións de deseño e intereses concretos. Cuestionar como funcionan as ferramentas, por que son gratuítas e que ofrecen a cambio axúdache a desenvolver unha visión crítica útil tanto no ámbito académico como profesional.



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA

MANCOMÚN
INICIATIVAS SOBRE
SOFTWARE LIBRE EN GALICIA

6. Como comezar: primeiros pasos



6. Como comezar: primeiros pasos

Como comezar sen complicacións

Un dos mitos máis estendidos sobre o software libre é que só está pensado para persoas con coñecementos técnicos avanzados. En realidade, moitas destas ferramentas contan con interfaces intuitivas e moi semellantes ás que xa utilizas no día a día.

Se xa estás afeito a programas como Microsoft Word, PowerPoint ou aplicacións de edición básica, podes adaptarte facilmente ás súas alternativas libres. Non é necesario cambiar todo de golpe: o máis recomendable é comezar pouco a pouco e incorporar novas ferramentas segundo as vaias necesitando.

O importante é asumir o cambio como un proceso progresivo, probando opcións e quedándote coas que mellor se axusten á túa forma de traballar.

Cada pequeno paso conta!

Avanzar pouco a pouco tamén é avanzar cara a un uso máis consciente e responsable da tecnoloxía.

01

Primeiro paso

Comeza por cambiar o navegador e utiliza [Firefox](#) se aínda non o empregas. É unha alternativa libre, sinxela de usar e moi similar ao resto de opcións habituais, polo que non require apenas adaptación inicial.

02

Segundo paso

Incorpora [LibreOffice](#) ao teu día a día para elaborar documentos, presentacións e follas de cálculo. Permíteche traballar con formatos habituais e substituír progresivamente outras ferramentas sen dificultade.

03

Terceiro paso

Proba [Joplin](#) para tomar apuntamentos e organizar a información das túas materias. Axudarache a manter todo estruturado e accesible, facilitando o estudo e o seguimento do curso.

04

Cuarto paso

Cando necesites editar audio ou vídeo, utiliza ferramentas como [Audacity](#) ou [Kdenlive](#). Son opcións completas que che permiten crear contidos de calidade sen depender de programas privativos.

6. Como comezar: primeiros pasos

Onde atopar axuda, recursos e comunidade

Unha das grandes vantaxes do software libre é que conta cunha ampla cantidade de documentación e cunha comunidade moi activa de persoas dispostas a axudar. Isto fai que aprender a utilizalo e resolver dúbidas sexa máis fácil do que pode parecer nun primeiro momento.



Documentación e tutoriais en liña

A maioría das ferramentas de software libre dispoñen de documentación oficial en varios idiomas. Ademais, en plataformas como YouTube podes atopar numerosos tutoriais adaptados a diferentes niveis. Basta con buscar o nome da ferramenta acompañado de termos como “tutorial” ou “como usar” para acceder a recursos útiles.



Comunidades de usuarios

- Foros oficiais: a maioría dos proxectos libres teñen foros onde podes preguntar calquera dúbida e a comunidade respóndechе. Son espazos amigables onde tanto principiantes como expertos conviven.
- Reddit: subreddits como r/linux, r/libreoffice ou r/GIMP son comunidades activas en inglés onde se resollen dúbidas a diario.
- Telegram e Matrix: existen grupos en galego e español dedicados ao software libre onde podes preguntar e compartir experiencias con outras persoas.



Recursos dispoñibles en mancomún


Mancomún é o portal da Xunta de Galicia dedicado ao software libre e á cultura aberta. Nel podes atopar guías, novas e información sobre proxectos, así como recursos adaptados ao contexto galego. É un punto de referencia útil para iniciarse e profundar neste ámbito.



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA

MANCOMÚN
INICIATIVAS SOBRE
SOFTWARE LIBRE EN GALICIA

7. O software libre como oportunidade de futuro



7. O software libre como oportunidade de futuro

Aprender hoxe habilidades útiles para mañá

Empregar software libre durante a etapa universitaria non é só unha forma de aforrar cartos ou mellorar a túa privacidade: tamén supón unha oportunidade real para desenvolver competencias útiles de cara ao teu futuro profesional.

Cada vez máis empresas valoran perfís con capacidade de adaptación, autonomía dixital e coñecemento de ferramentas diversas. Familiarizarte co software libre permíteche adquirir habilidades que van máis alá dunha ferramenta concreta, xa que aprendes a comprender como funcionan as tecnoloxías e a resolver problemas de forma independente.

Ademais, ao tratarse dun ecosistema aberto e en constante evolución, o software libre facilita que poidas seguir aprendendo, experimentar con novas solucións e manterte ao día nun entorno laboral cada vez máis dinámico e cambiante.



Competencias dixitais aplicables aos estudos e ao traballo

Moitas empresas, especialmente do ámbito tecnolóxico, utilizan ferramentas libres nos seus procesos. Aprender a traballar con editores de texto, programas de deseño ou aplicacións colaborativas permíteche adquirir competencias transferibles e aplicables a diferentes contextos, algo moi valorado no mercado laboral actual.

Adaptabilidade a novas ferramentas

O mercado laboral evoluciona rapidamente e as ferramentas cambian con frecuencia. Familiarizarte con diferentes solucións durante a etapa universitaria axúdache a adaptarte con maior facilidade a novos entornos, desenvolvendo unha maior autonomía e capacidade para resolver problemas sen depender constantemente de soporte externo.

Aprendizaxe continua

O software libre está en constante evolución grazas ás súas comunidades activas. A publicación continua de actualizacións, melloras e novos recursos facilita que poidas manterte ao día e seguir aprendendo de forma progresiva, integrando novos coñecementos no teu desenvolvemento académico e profesional.

7. O software libre como oportunidade de futuro

Participar, contribuír e construír en común

O software libre non é só algo que utilizas: tamén podes contribuír a melloralo. E non é necesario saber programar para facelo, xa que existen moitas formas de participar no seu desenvolvemento e difusión.

Desde pequenos xestos, como compartir unha ferramenta ou informar dun erro, ata contribucións máis elaboradas, como crear contidos ou colaborar na súa tradución, todas as achegas son útiles. Participar tamén che permite aprender, gañar experiencia e formar parte dunha comunidade activa e colaborativa.



Reportar erros

Se atopas un erro nun programa, podes comunicalo a través dos foros ou sistemas de seguimento de incidencias do proxecto. Esta información é moi valiosa para que as persoas desenvolvedoras poidan identificar e corrixir problemas.



Traducir

Moitos proxectos de software libre necesitan adaptación a diferentes idiomas, incluído o galego. Se tes coñecementos lingüísticos, podes colaborar traducindo interfaces ou documentación e contribuíndo á súa localización.



Crear tutoriais

Se aprendes a utilizar unha ferramenta, podes compartir ese coñecemento mediante guías, vídeos ou explicacións. Deste xeito, outras persoas poden aprender máis facilmente e ampliar o uso da ferramenta.



Difundir

Recomendar software libre no teu entorno, compartir experiencias ou falar das súas vantaxes tamén é unha forma de contribuír. Axuda a dar visibilidade a estas ferramentas e a fortalecer o ecosistema.

Esta guía pode acompañarte durante a túa etapa universitaria...

O software libre constrúese grazas á colaboración de miles de persoas que comparten coñecemento, recursos e experiencia. As súas comunidades funcionan como espazos de aprendizaxe colectiva, onde as dúbidas, as solucións e os materiais quedan dispoñibles para que outras persoas poidan beneficiarse deles.


Cando participas, aínda que sexa dunha forma sinxela –preguntando, compartindo un recurso ou aplicando o aprendido nun traballo académico– estás contribuíndo a xerar coñecemento útil para outras persoas. Este proceso fai que o ecosistema medre e se fortaleza co tempo.

O software libre é, en esencia, unha gran biblioteca dixital: un espazo aberto, accesible e sostido pola contribución colectiva. Non depende dos recursos dunha única empresa, senón do compromiso dunha comunidade que comparte unha mesma visión.

Adoptalo non é só unha decisión tecnolóxica, senón tamén unha forma de participar nun modelo dixital máis aberto, colaborativo e accesible para todas as persoas.

... e tamén máis alá

Construír un futuro dixital máis xusto tamén comeza polas decisións que tomas hoxe.






AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA

MANCOMÚN
INICIATIVAS SOBRE
SOFTWARE LIBRE EN GALICIA

Apéndice: táboas de referencia



Ofimática, comunicación e almacenamento

Programa privativo	Alternativa libre	Soluciones
Microsoft Word	LibreOffice Writer	Redactar documentos de texto
Microsoft Excel	LibreOffice Calc	Follas de cálculo
Microsoft PowerPoint	LibreOffice Impress / Penpot	Presentacións
Google Docs	CryptPad / Nextcloud + Collabora	Documentos colaborativos en liña
Google Drive / Dropbox	Nextcloud / Syncting	Almacenamento e sincronización de arquivos
Outlook	Thunderbird	Correo electrónico e calendario
Zoom / Google Meet	Jitsi Meet	Videochamadas
Slack / Discord	Element (Matrix)	Chat e comunicación en equipo

Podes descargar as alternativas libres facendo clic na ligazón en cada unha de elas

Diseño, edición e creación de contidos

Programa privativo	Alternativa libre	Soluciones
Adobe Photoshop	<u>GIMP</u>	Edición e retoque de imaxes
Adobe Illustrator	<u>Inkscape</u>	Diseño vectorial e ilustración
Adobe Lightroom	<u>Darktable</u>	Xestión e revelado fotográfico
Adobe Premiere	<u>Kdenlive / Shotcut</u>	Edición de vídeo
Adobe Audition / GarageBand	<u>Audacity</u>	Gravación e edición de audio
Adobe InDesign	<u>Scribus</u>	Maquetación de documentos
Figma	<u>Penpot</u>	Diseño de interfaces e prototipado
OBS (xa é libre)	<u>OBS Studio</u>	Gravación de pantalla e streaming

Podes descargar as alternativas libres facendo clic na ligazón en cada unha de elas

Ferramentas de estudo e organización persoal

Programa privativo	Alternativa libre	Solucións
Notion / Evernote	Joplin / Logseq	Notas e xestión de información
Mendeley	Zotero	Xestión de bibliografía
Google Calendar	Nextcloud Calendar / Thunderbird	Calendarios e axendas
Todoist / TickTick	Tasks.org / Nextcloud Tasks	Listas de tarefas

Podes descargar as alternativas libres facendo clic na ligazón en cada unha de elas



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA

MANCOMÚN
INICIATIVAS SOBRE
SOFTWARE LIBRE EN GALICIA

Guía de software libre para universitarios

